



En contestación á petición de data 2 xuño sobre “ información sobre cal ou quen será o órgano contratante” indicarlle que consultado o departamento de Contratación indican que sen prexuízo do seu carácter de subvención, as axudas económicas non serán obxecto de transferencia aos concellos, executándose as subvencións en especie ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 5ª da Lei Xeral de Subvencións e da Disposición Adicional 3ª da Lei de Subvencións de Galicia, mediante a contratación da obra directamente por parte da Deputación Provincial e a súa posterior entrega aos Concellos. Esta medida adóptase por razóns de axilidade, eficiencia e simplificación administrativa, eximindo ao concello da carga burocrática da contratación da obra e eliminando o procedemento de xustificación da subvención, dado que o correcto uso dos fondos provinciais queda xa garantido ao ser a Deputación a administración contratante.

Non obstante o anterior, o concello beneficiario poderá contratar a execución das obras no suposto de obras co-financiadas por outras administracións públicas diferentes da Deputación consonte coas bases de execución do orzamento provincial, no suposto de obras xa executadas ou en execución no momento actual ou no suposto de que vaian a terse en conta para a adxudicación do contrato criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor ou criterios de adxudicación de valoración automática diferentes do prezo e do prazo de garantía, nos contratos que, en atención ó seu valor estimado ou ó seu prazo de execución, deban tramitarse preceptivamente por procedementos diferentes da contratación menor.

Ourense, 6 de Xuño de 2022

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.